



ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ASISTENCIA E ESTANCIA EN FOGARES E RESIDENCIA DE ANCIÁNS, GARDERÍAS INFANTÍS, ALBERGUES E OUTROS ESTABLECEMENTOS DE NATUREZA ANÁLOGA.

Artigo 1º.- Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 de Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 da lei 39/88, do 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da Taxa por asistencia e estancia en fogares e residencias de anciáns, garderías infantís, albergues e outros establecementos de natureza análoga.

Artigo 2º.- Feito imponible

Constitúen o feito imponible da taxa a prestación dos servizos por asistencia e estancia en fogares e residencias de anciáns, garderías infantís, albergues e outros establecementos de natureza análoga.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa desta taxa.

Artigo 4º.- Responsables

Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º.- Cota tributaria

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6º.- Beneficiarios fiscais



So se admitirán os beneficiarios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º.- Percepción

Percíbese a taxa e nace a obriga a construír cando de presente a solicitude de prestación do servizo ou actividade.

Artigo 8º.- Liquidación

Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude de prestación para o primeiro período de liquidación, nos sucesivos liquidaranse ó inicio de cada período de liquidación, en calidade de depósito previo (os períodos de liquidación veñen establecidos nas tarifas desta taxa: días, meses, curso académico, etc.)

Cando se trata de servizos ou actividades cunha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude da prestación do servizo ou da realización de actividade practícase a liquidación unha vez prestado o servizo ou realizada a actividade en cada un dos períodos de liquidación (días, meses, curso, etc., consonte o disposto na tarifa da taxa).

Se realiza a prestación do servizo ou actividade sen mediar solicitude liquidarase e notificarse a taxa tan axiña como se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

Artigo 9º.- Ingreso

O pagamento desta taxa realizarase:

Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de presta-lo servizo ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servizo ou de realización da actividade na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalan na liquidación.

Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poida efectuar con



anterioridade á prestación do servizo ou realización da actividade, farase o ingreso non prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

Artigo 10º.- Infraccións e sancións

Cando existan os convenios de colaboración ós que fai referencia o artigo 27.2 da Lei 39/88, do 28 de decembro, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 e 9 desta ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.

ANEXO

TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE GARDERÍA INFANTIL

A) PAGAMENTO

1.- O pagamento das cotas, realizarase mensualmente nos dez primeiros días naturais do mes a que correspondan. Nos casos en que ingreso no centro se produza con posterioridade ao día primeiro do mes, a cota correspondente ao dito mes ingresarse nos dez días naturais seguintes á data de ingreso.

No caso de que ingreso se produza con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase nun 50%.

2.- A falta de asistencia da crianza non supón a redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

3.- O pago realizarase por domiciliación bancaria que autorizará o solicitante do servizo ao formalizar a matrícula.

A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternativas orixinará a perda do dereito á praza.

B) BASE DE CÁLCULO

Enténdese por renda per cápita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar, o cociente resultado de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar.

Para os efectos da presente regulación, enténdese por unidade familiar a formada polos proxenitores e:

- i. Os/as fillos/as menores de 18 anos, con excepción dos que, con consentimento dos/das pais/nais, vivan independentes destes/as.
- ii. Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados/as xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.



iii. Os/as fillos/as maiores de dezoito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

Para os efectos da presente regulación, ten a consideración de ingresos a suma da base imponible xeral máis a base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

C) COTAS POR ASISTENCIA:

1.- Prezo atención educativa:

O prezo pola atención educativa en xornada completa na gardería municipal fíxase en 160,50 € mensuais.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 3 desde anexo.

Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reduciranse no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar.

2.- Horario ampliado:

Con carácter excepcional os/as usuarios/as poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas extraordinarias, sempre que acrediten a súa necesidade.

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario da atención educativa adxudicado ao usuario ou usuaria será de 20 €.

O prezo da hora extraordinaria non estará suxeito e ningunha redución.

3.- Aplicación da taxa mensual segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar.

a) Rendos inferiores ao trinta por cento do IPREM.

Prezo da praza: 0 €.

b) Rendos comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IMPREM.

Prezo da praza: 0 €.

c) Rendos comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IMPREM.

Prezo da praza: 33 €.

d) Rendos comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IMPREM.

Prezo da Praza: 66 €.

e) Rendos comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IMPREM.

Prezo da praza: 106 €.

f) Rendos comprendidas entre 125 e inferiores ao 150 por cento do IMPREM.



Prezo da praza: 126 €.

g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IMPREM.

Prezo da praza: 139 €.

h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM.

Prezo da praza: 160€.

D) DESCONTOS.

Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

- a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento.
- b) Nenos/as pertencen a familias monoparentais, desconto dun 20 por cento.
- c) Cando asistan ao mesmo centro varias irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20 por cento.

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrente no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificada documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data de presentación da declaración do IRPF.

2.- De conformidade co disposto no art. 17.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o presente acordo provisional, así como o texto da modificación, exporase ó público no taboleiro de anuncios durante o prazo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

3.- Estas modificacións entrarán en vigor o día da súa publicación no BOP e comezarán a aplicarse a partir do 1 de setembro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

- Aprobada polo Pleno en sesión de 14 de outubro de 1998.
- Publicado no BOP nº 249, de 30 de decembro de 1998.
- Aprobada a ultima modificación polo Pleno de 31 de outubro de 2013.
- Publicada no BOP nº 246, de 26 de decembro de 2013.